

Nick: _____

Data: _____

Le o seguinte conto as veces que o precisas e despois contesta as preguntas.

FIGOS VERDES, FIGOS PÚRPURAS

Un home famento internouse nun horto abandonado. Descubriu unha figueira chea de figos púrpuras. O seu estómago ruxía, así que colleu catro figos e meteunos de golpe na boca. Estaban boísimos, doces coma o mel.

O home estaba a piques de coller un quinto figo cando sentiu un tremor baixo os seus pés. Mirou ao seu arredor e, para a súa sorpresa, estáballe crescendo nas costas unha cola escamuda coma a dunha serpe.

—Veña, por que non comes máis? —dixo unha voz feminina próxima—. Pero avísote, canto máis comas, máis longa será a túa cola.

O home intentou ver quen lle falaba, pero non viu a ninguén.

—Perdoe, señora, roubeille os seus figos. Cominos sen pensar —dixo.

As follas da figueira renxeron e das ramas saíu unha bruxa vella.

—A fame fainos a todos ladróns —sentenciou—. Agora, ven comigo. Hai outro froito no meu horto.

O mozo seguiu a bruxa ata o outro lado do horto, onde había outra figueira chea de figos verdes.

—Sírvete —riu a bruxa—. Espero que sigas con fame.

O mozo tiña demasiado medo como para rexeitar a oferta, así que elixiu catro figos pequenos e mastigounos amodo. Ao acabar o cuarto, sentiu outro tremor e a súa cola desapareceu, sen máis!

—Es o único que se desculpou por roubar a miña froita —dixo a bruxa—. Colle tantos como queiras, mozo, e que che senten ben. Traeranche sorte.

O home colleu catro figos verdes, volveu á outra figueira e colleu catro figos púrpuras máis.

Tras collelos con coidado, dirixiuse á cidade e foi ao mercado:

—Figos maduros en oferta! Catro figos por un céntimo! Figos púrpuras que se derreterán igual que o mel nas súas bocas!

Por casualidade, a filla do rei estaba ese día no mercado e escoitou o mozo ao pasar:

—Figos, que delicia! —dixo, e enviou a súa serventa a compralos.

Ao comelos, sentiu un movemento nas costas.

—Papá, papá!

O rei correu ao cuarto da súa filla:

—Que pasa, princesa?

—Teño unha cola escamuda como a dunha serpe, mira.

O rei estaba arrepiado. A princesa cunha horríbel cola. Fixo chamar o físico da Corte. O físico enviou a princesa ao hospital para que a operasen. Ninguén puido dicirlle ao rei porque lle aparecera aquela cola, nin tampouco sabían como eliminala.

Desesperado, o rei reuniu os seus mensaxeiros e díxolles chorando:

—Se hai alguén na terra que cure a princesa, o rei daralle un cofre cheo de ouro e unha cesta de diamantes.

Ao coñecer a noticia, o mozo púxose á faena. Colleu os catro figos verdes e coceunos con azucre ata facer marmelada. Cando a marmelada arrefriou, meteuna nun frasco de medicamentos e foi correndo ao palacio vestido de doutor.

—Maxestade, estou seguro de que esta estraña tinguadura eliminará a cola da princesa. Unha cullerada ao día durante dúas semanas será suficiente.

O rei aceptou. A princesa tomaría unha cullerada daquilo todas as mañás co almorzo.

Imaxina a felicidade da pequena cando, despois de acabar aquela marmelada, sentiu un movemento e viu que xa non tiña cola:

—Papá, a cola desapareceu!

O rei mantivo a súa promesa e deulle ao mozo un cofre cheo de ouro e unha cesta de diamantes.

Foi na busca da bruxa para compartir a súa sorte con ela, pero nunca máis a viu, nin tampouco o horto coas figueiras.

Viviou rico e feliz o resto da súa vida e nunca máis comeu figos.

A volta ao mundo en 80 contos. Saviour Pirotta. Bahía Edicións

Une.

Figos verdes ☐

☐ Son bos ☐

☐ Porque ao comelos sae unha cola.

Figos púrpuras ☐

☐ Son malos ☐

☐ Porque fan que a cola desapareza.

Sinala a frase na que a bruxa explica por que premiou ao protagonista.

** Veña, por que non comes máis?

** A fame fainos a todos ladróns.

** Es o único que se desculpou por roubar a miña froita.

** Pero avísote, canto máis comas, máis longa será a túa cola.

Sinala a opción correcta.

Quen comprou os figos no mercado?

* O rei

* O mozo

* A princesa, por orde da serventa

* A serventa, por orde da princesa

A marmelada feita con figos verdes serviulle ao mozo para:

a.- Namorar a princesa

b.- Eliminar a cola da princesa

c.- Facer desaparecer a bruxa

d.- Facerlle medrar unha cola á princesa.

Por que o mozo non foi quen de rexeitar a oferta da bruxa?

* Porque tiña moito medo.

* Porque tiña moita fame.

* Porque era moi valente.

* Porque era agradecido.

Ordena as frases escribindo 1, 2, 3 ou 4.

Ao mozo desapareceulle a cola. ☐

Despois o mozo comeu figos verdes. ☐

O mozo comeu figos púrpuras. ☐

Ao mozo saíulle unha cola escamuda. ☐

Arrastra ao seu lugar.

A bruxa

A bruxa

O rei

A princesa

É a que lle dá os figos que lle permitirán ao mozo facerse rico.

Dálle ao mozo un cofre con ouro e unha cesta de diamantes.

Castiga o mozo cunha cola por roubarlle os figos.

O mozo véndelle os figos púrpura que lle fan saír unha cola.

Escolle. Cal é a orde de aparición destes feitos no texto?

1. A filla do rei estaba ese día no mercado.

2. Ao mozo estáballe a crecer unha cola escamuda.

3. A bruxa deixoulle coller figos.

4. Á princesa desapareceulle a cola.

A. 1 – 2 – 3 – 4

B. 4 – 3 – 2 – 1

C. 3 – 4 – 1 – 2

D. 2 – 3 – 1 – 4

Ordena os seguintes feitos do conto.

O rei mantivo a súa promesa.

O mozo seguiu a bruxa cheo de medo.

A princesa tiña unha cola escamuda.

O mozo coceu os catro figos verdes.

O mozo colleu catro figos e comeunos.

O rei fixo chamar o físico da Corte.

Sinala as recompensas que lle deu o rei ao mozo por curar a princesa.

Unha cesta de figos de ouro.

Unha cesta de diamantes.

Un cofre cheo de ouro.

Nomeouno Conde de Figueiras.

Pensa e contesta. No conto dise que o rei fixo chamar o físico da Corte. Que cres que era un físico?

A. Un profesor de ximnasia. B. Un médico. C. Un bruxo. D. Un policía.

Marca os figos púrpuras.

